

IN MEMORIAM



FRANCISCO AYALA: Toda unha vida de escritor

O pasado tres de novembro díxonos adeus Francisco Ayala (Granada, 1906), un dos intelectuais españois máis importantes do século XX e o último gran representante da Xeración do 27. Protagonista dunha vida tan intensa como lonxeva (morreu aos 103 anos), Ayala deixou obras de gran valor literario como "La cabeza del cordero", "Los usurpadores", "El jardín de las ledicias", "Recuerdos y olvidos" entre moitas outras que o levaron a ser distinguido con premios como o Nacional de Narrativa (1983), o Cervantes (1991) ou Príncipe de Asturias (1998). Ata o último momento da súa vida, Ayala dou mostras dunha gran lucidez e inquietude así como nos ofreceu unha lección maxistral da súa capacidade de adaptación aos novos tempos e as tecnoloxías xa que como el decía: "Quiero vivir en el mundo de hoy, no en el de hace 50 años", feito que materializou creando o seu propio perfil na rede social de Facebook.

A súa carreira literaria e intelectual pódese considerar a historia mesma das letras españolas no século XX. Escritor, académico, ensaísta e sociólogo, a súa prolífica obra con máis de 70 títulos convérteo en testemuña e conciencia de toda unha época.

Levi-Strauss.

O gran antropólogo francés morreu aos 100 anos en París.

Foi un dos intelectuales máis relevantes do século XX. Home de gran curiosidade, dedicou toda a súa vida a explicar e explicarse o mundo desde a antropología. Foi un gran filósofo e escritor que se dedicou ao estudo da raza humana, a súa conducta, os seus esquemas lingüísticos, e os mitos que para el eran comúns a toda existencia humana. Algunhas das súas obras: Raza e Historia (1955) famoso escrito-manifesto que escribiu por encargo da UNESCO para contribuir ao programa de loita contra o racismo; Antropología estructural (1958), Tristes Trópicos (1955), El origen



XOVES MUSICAIS na biblioteca

A celebración de Sta Lucía, patrona da MÚSICA o 22 de novembro, sírvenos ara dar comenzo aos XOVES Musicais. Cada Xoves no tempo do recreo, celebraremos na biblioteca audicións de diferentes tipos de música: Jazz, New Age, Folk, Pop, Clásica, House, Rap, etc.

A biblioteca publicará semanalmente información sobre a música que imos escoitar. Que a disfrutedes!!!!

BIBLIOTECA IES Ponteceso

Novembro 2009

NOVIDADES

"Sorrisos e boa colleita" de Xaquín Marín

"El ecologista escéptico" de Bjorn Lomborg

"Nueva York" de Paul Morand

"Dos Letters" de Bernardo Atxaga

"Mometers o exterminador" de Hixinio Puentes

E os novos números das revistas: Muy Interesante, Auto Fácil, Muy Junior, Historia, Rolling Stones, etc, etc

Un texto sobre violencia de xénero

A forte man do seu marido suxeitoulle a mandíbula. meteulle dous dedos entre os dentes para abri-la e logo introduciulle as frías e duras pedras. Mariam intentou escapar pero el seguiu meténdolle pedras, co beizo superior torcido nun xesto desdeñoso

- agora mastiga- ordenou.

Mariam rosmou unha súplica a través do puñado de pedras e area. Saltábenselle as bágoas.

- Mastiga- berrou el. O alento a tabaco golpeouna na cara

Mariam mastigou e algo crepitou na súa boca.

- Ben- dixo Rashid. Tremíanlle as fazulas- Agora xa sabes como é o teu arroz. Agora xa sabes o que me deches neste matrimonio. Mala comida e nada máis.

E foise, deixando á súa esposa, que chuspía pedras, sangue e fragmentos de dous moas rotas.

"Mil soles espléndidos".
Khaled Hosseini

X & Q Sandwich Cultural

O CLUB DE LECTURA NO IES de PONTECESO

Xa van dous anos dende que nos mergullamos nesta particular aventura de ler e non pasa un día no que non pensemos no acertado do proxecto.

Aquelas xuntanzas que empezaron no ano 2007 cun pequeniño grupo de esforzados lectores de 1º da ESO, pasaron a ser verdadeiros grupos de "comedores literarios" de todo o centro. Pero aínda hai máis, este ano coidamos que bateremos tódolos récorde pois xa temos apuntados a esta tolema a máis de 70 alumnos e un montón de profes.

Seica en Ponteceso a xente tolea por ler? Que pasa nos clubs de lectura? Regalan algo???

A resposta de por qué este particular proído está atacando á nosa xente está na nosa particular andaina:

Corría o ano 2007 cando sete ousados lectores de 1º da ESO decidiron que isto de ler non estaba tan mal e capitaneados por Paula - a de inglés- metéronse de cheo no mundo de "El secreto del fuego" de Hennin Mankel para rir e chorar e non deixar máis o mundo dos libros.

Os "Mescas" e, como así se chamaron, sementaron o que despois daría tantos froitos: a envexa de ler e coñecer outros mundos.

Así foi como o curso pasado- falamos do ano 2008- moita xente quería formar parte dos exclusivos clubs de lectura, para entón, xa había xente de tódalas idades e condicións que querían embarcarse nesta nova aventura.

Así foi como naceron tres grupos dentro do noso club: Os "pequerruchos" de 1º ciclo da ESO empezaron por ler "Palabras de caramelo" co que aprenderon moito e co segundo libro: "Las gallinas locas y el amor", tocou rir. O grupo dos "medianos", os integrantes do 2º ciclo da ESO, leron "O neno do pixama de raias". Os lectores e as lectoras deste grupo tamén xogaron e faláron moito, e estiveron dispostos a ler un 2º libro: "Verónica decide morir". Os "maiores", alumnos de Bacharelato, profes e mesmo conserxes leron un "tocho" de case 600 páxinas "La ladrona de libros" que conseguiron saborear intensamente, e logo desta triste historia decidiron ir de viaxe con "O Señor Ibrahim e as flores do Corán". Como vedes non deixamos de viaxar e soñar, e indo ao cine puxémoslle fin á nosa andaina do curso pasado, con moi bo sabor de boca, tan bo que provocamos verdadeiros ciumes no resto do instituto. Este ano somos moitos máis e temos ganas de seguir voando polos mundos da imaxinación e da realidade, de aprender, de aprendervos o que aprendemos, en definitiva, de ser mellores lectores e de paso... mellores persoas.



Música


UNA WEB www.asociacionmusica.com/inde.asp
Páxina web da Asociación de Música en Internet (AMI). Nela pódese atopar unha ampla información sobre a distribución da música en Internet, información sobre grupos e artistas, descargas gratuitas de música en MP3, así como publicar a túa propia música e aproveitar asesoramento legal.

SOFTWARE MUSICAL

Audacity
Editor de audio, de distribución gratuita, que nos permite editar calquera arquivo de audio e traballar con varios formatos. É moi completo e sinxelo de manexar.

UN LIBRO

LA MÚSICA CONTADA CON SENCILLEZ, DE JOSÉ RAMÓN PARDO. Editorial Maeva, 1999.



Narra o nacemento e a evolución das tendencias máis importantes da música dos últimos cincuenta anos, dende o rock'n'roll, o pop, ou o soul, ata o new age ou a música étnica. A través de curiosas anécdotas sobre os músicos e o negocio discográfico, fainos entender as claves da galaxia musical, cunha linguaxe clara e precisa pero sen perder o rigor.

Unha película: BUDA EXPLOTÓ



Año: 2007
Xénero: Drama
País: Irán
Formato: Color
Duración: 81 minutos
Dirección: Hana Makhmalbaf

SIPNOSE A película franco-iraní de Hana Makhmalbat, cóntanos a odisea dunha nena afgana para mercar un caderno e asistir a escola. Como non ten lápiz, decide levar o pintalabios da nai, o que provoca que os nenos que xogan a ser talibanes, decidan apedreala. Os nenos da aldea xogan á guerra con ramas que imitan os fusiles e cometas que representan cazas de combate. Cando atapan a Baktay, xa teñen encerradas a outras nenas nunha cova. Os motivos para retenelas varían entre os que opinan que as nenas non deben ir a escola e os que opinan que teñen os ollos bonitos. Premio especial do xurado no festival de San Sebastián. Película sencilla e conmovedora, metáfora escalofriante dun Afganistán envuelto na violencia e na discriminación á muller.

Outra : ÁGORA




Director: Alejandro Amenábar
Intérpretes: Rachel Weisz, Max Minghella, Oscar Isaac, Michael Lonsdale, Rupert Evans
Duración: 126 min.
Xénero: Drama histórico

SIPNOSE. A acción sitúase no século IV, na cidade de Alexandria. Exipto está baixo a ocupación do Imperio romano. As violentas revoltas relixiosas nas calles da cidade alcanzan á famosa biblioteca de Alexandria. Alí da clases Hipatia, brillante filósofa e astrónoma que loita coa axuda dos seus discípulos por salvar a sabiduría do mundo antigo. A película fala da loita entre a razón e a fe, entre a ciencia e filosofía por unha banda e as creencias levadas ao límite do "fanatismo". Tamén fala das loitas polo poder que son o motivo de moitos dos conflitos. Hipatia, atrapada nun mundo de luces e sombras, simboliza a actitude da filósofa/o, que de modo desinteresado busca o coñecemento.

Literatura


O símbolo perdido de Dan Brown, Editorial El Aleph, 2009, 576 pág.

O aclamado autor de O código da Vinci regresa as librerías co seu último libro, O símbolo perdido, unha novela que volverá a explorar o corazón das sociedades secretas e que terá de novo como protagonista principal ao profesor Robert Langdon. A historia acontecerá nos Estados Unidos. O experto en simboloxía Robert Langdon é convocado inesperadamente por Peter Solomon, masón, filántropo e antigo mentor, para dar unha conferencia no Capitolio en Washington. Pero o secuestro de Peter e o achádego dunha man tatuada con cinco enigmáticos símbolos cambian drásticamente o curso dos acontecementos. Atrapado entre as esixencias dunha mente perturbada e a investigación oficial, Langdon vese inmerso nun mundo clandestino de segredos masónicos, historia oculta e escenarios nunca antes vistos, que o arrastran cara unha sinxela pero inconcebible



Divulgación científica

Quen non se sentiu algunha vez atraído polo ceo nocturno? Seguro que a maioría de nós quixo algunha vez aprender algo sobre todos eses obxectos que nos rodean. Pois como por algo hai que empezar, que tal se seguides a Richard Corfield que neste libro nos presenta aos compañeiros celestes máis próximos a nós, os compoñentes do Sistema Solar. Con esta lectura poderás realizar unha viaxe pola historia da exploración espacial ao tempo que descubres os segredos do Sol e dos planetas.



Novas: O IES Ponteceso participa nas III Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia

O 23 e 24 de outubro, tivemos a oportunidade de asistir, por cuarto ano consecutivo, a unha xuntanza entre todas as bibliotecas escolares de Galicia. Dous días intensos nos que compartimos experiencias, aprendimos a diferenciar entre un nativo dixital e un inmigrante e démonos conta de que, por moito que fagamos, os profes somos inmigrantes, como moi ben nos dixeron, nótasenos o "acento". Reflexionamos sobre os problemas da información en internet; sexo, mentiras e cintas de vídeo e aprendimos outras



Como sempre que se fai unha actividade hai que intentar sacar conclusións aquí veñen as nosas: 1ª En Santiago chove moito. 2ª Hai moita xente traballando en bibliotecas escolares, funcionarios que traballan a fin de semana, ¡Horror! 3ª É moi enriquecedor coñecer outras experiencias. 4ª No [IES de Fene](#) teñen un blog no que se explica todo o que sucedeu nesas xornadas dun xeito difícil de mellorar

Literatura

A praia dos afogados de Domingo Villar, Editorial Galaxia, 504 pág. Despois do éxito de Ollos de Auga, con máis de dez mil exemplares vendidos, Domingo Villar volta a triunfar coa novela A praia dos afogados, unha apaixonante novela de intriga que mergulla ao lector no mundo da Galicia mariñeira, desde os areais das Rías Baixas á paisaxe urbana e as tabernas da cidade de Vigo.

Nesta nova entrega o autor volve introducir ao lector nunha intriga sen acougo. Unha pescuda policial que, en A praia dos afogados, título desta segunda novela protagonizada polo inspector Leo Caldas, tamén é unha esculca na memoria e nas ilusións perdidas.

A novela parte dun descubrimento estarrecedor. Unha mañá, o cadáver dun mariñeiro é arrastrado pola marea ata unha praia de Panxón, na Ría de Vigo. Se non fose porque ten as mans atadas cunha brida de plástico, Xusto Castelo había ser outro mariñeiro que encontrou a súa tumba entre as ondas mentres pescaba. Sen testemuñas nin rastro da embarcación do finado, o lacónico inspector Leo Caldas adéntrase no ambiente mariñeiro para tratar de clarear o crime que apunta nunha dirección insólita.

